

Acta Asemblea en Común ordinaria

Data: Venres 17 Xullo de 2015

Lugar: Local Escua Colectivos

Hora: 20h

1.) Informe dos Grupos de Traballo

GT Apertura

Dáse conta dos encontros e actividade realizada dende a anterior AeC: Stop Desafiuizamentos, Carneiro Alado... así como do manifesto Encontro Cidadán por unha Marea Galega (<http://marea.gal/>) e da necesaria posición con respecto á manifestación unitaria do 25X en Compostela. O GT Apertura traballará sobre un documento aberto en rede ata o luns 20 e suxeito a modificacións ata o mércores 22 que será publicado en web e enviado á prensa. A aposta será por un día de unidade da cidadanía galega, sen partidos nin intereses de parte.

GT Legal e Finanzas

Dáse conta da evolución das encomendas de seguro de responsabilidade civil e aluguer de local, sendo aprobada a proposta do GT cuxos gastos correntes irán a cargo do Grupo Municipal de OUeC que incluírá material e outros gastos. Para o cal é necesaria a autorización do GT Institucional a este para operar na conta bancaria.

Dáse conta do estado actual de contas de OUeC: partido, asociación, eleccións e grupo municipal. Procederáse á racionalización e peche daquelas contas innecesarias como a das eleccións despois de cumprir os pagos pendentes.

Maniféstase a reflexión realizada polo GT no referido ás percepcións devindicadas e non pagadas polo Concello, a favor de OUeC: "Os principios reitores de OUeC xunto coa dimensión pedagóxica da que se pretenden dotar todas as actuacións do proceso nos levan a defender o cumprimento da norma vixente. Iso nos leva a reclamar o que corresponde, sempre segundo a norma, non con ánimo mercantilista senón con ánimo didáctico."

Rogos do grupo para o GT Institucional - GT Comunicación:
Elaboración dun pequeno texto explicativo sobre a posición de OUeC para pendurar na web e compartir a medios.

Ponse en coñecemento do grupo varios pagos pendentes (cuño e vinilo grupo municipal), razón pola que faise un chamamento a que calquera gasto pase primeiro á fiscalización do GT Legal e Finanzas que será o único responsable de compras. A proposta aceptada por consenso pasa por facer un pequeno formulario para que calquera gasto quede inventariado e fiscalizado para balances de contabilidade posterior. Unha proposta que pretende apelar á eficiencia e racionalización no gasto.

Nota: contacto mediante correo electrónico en cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

GT Mediación

Dáse conta da modificación dos seguintes documentos constituíntes:

- Estrutura organizativa, presentando novos apartados e fusionando os protocolos de toma de decisións de carácter ordinario e/ou estratéxico. Apróbase por consenso a proposta presentada polo GT Mediación. (Poderase consultar o texto coa redacción final no apartado de documentos da web e de forma temporal nesta ligazón: <https://dl.dropboxusercontent.com/u/7415980/ESTRUTURA%20ORGANIZATIVA%20ACTUALIZADA.pdf>)
- Código de Ética Política. Apróbase por consenso a non se modificación do Código de Ética Política para dar acollida a situación actual do GT Institucional polo que se trasladará todo este a un anexo coa seguinte redacción:

ANEXO AO CÓDIGO DE ÉTICA POLÍTICA

Como consecuencia do espírito co que se redactou o Código de Ética Política, é dicir, ter a capacidade de goberno e tendo en conta os resultados electorais e a situación concreta das representantes electas de OUEC é necesario a actualización ou aclaración dos seguintes puntos do Código de Ética Política:

3.3. É posible que a situación que se reflecta neste artigo nunca chegue a producirse pola condición de oposición dentro do Concello, e aínda que chegara a producirse operaría sobre estas percepcións o límite máximo retributivo exposto tanto no Código Ética Política como no punto seguinte. Asemade non se entenderá como duplicidade de soldos a percepción por traballos alleos ás labores propias da condición de representante electo.

3.4 Neste punto só se establece un límite máximo de retribucións, vinculando as percepcións ao nivel de responsabilidade, dedicación e exposición pública, de acordo coa capacidade orzamentaria e someténdose á prioridade do ben común, polo que se fai necesario especificar a situación concreta das concelleiras electas de OUEC. Enténdese que unha retribución axeitada para as concelleiras con dedicación exclusiva sen delegación competencial sería de unha vez e media o salario bruto medio da provincia de Ourense, segundo os datos do Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias, publicado anualmente pola A.E.A.T. Tomando os datos publicados no ano 2013 a remuneración sería de 24.798 euros brutos anuais. No caso das concelleiras de OUEC que na actualidade teñen dedicación exclusiva a tempo parcial habería que aplicar sobre esta cantidade a porcentaxe de parcialidade correspondente, esta é do 50 %, quedando esta retribución en 12.399 euros brutos anuais. Este mesmo límite operará para o concelleiro que non ten dedicación exclusiva.

Sobre as cantidades que excedan os límites recollidos se aplicará o artigo coa redacción orixinal.

GT Comunicación

Nota: contacto mediante correo electrónico en coordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

Dáse conta do Estado das Encomendas: Protocolo de comunicación, actualmente parado por falta de persoas activas neste grupo.

Infórmase do nomeamento de voceiras alleas ao GT Institucional, tal e como recolle o Código de Boa Gobernanza. Propúxose a 4 persoas e soamente unha contestou favorablemente.

GT Institucional

Dáse conta da actividade do grupo dende a anterior AeC: Pleno Ordinario Xullo, Xuntas e Comisión, Nomeamentos, Acto de renuncia, Roteiro de presentación, xunta de voceiras (réxime de desenvolvemento das vindeiras sesións plenarias), Proposta de mocións a presentar no próximo pleno ordinario. Infórmase de todos os puntos en detalle chegando aos seguintes acordos por consenso:

- negativa adiantar o pleno de agosto
- negativa a alterar ou limitar o número de mocións
- mocións a presentar no seguinte pleno, rogos e preguntas. Demanda de integración como mocións, preguntas ou mocións a estudar para o futuro: 1.5% cultural, Criterios Universidade Popular - subxectividade (Rogo), ...

Ábrese quendas entre os dous equipos redactores de criterios de selección de persoal de libre designación despois da posta en coñecemento da proposta de alcaldía a tal respecto. Dáse lectura das dúas propostas presentadas e despois dun proceso de defensa e alegacións de ambas xurde unha nova proposta que contempla a posibilidade de 3+1 sendo esa persoa de confianza a 4ª persoa na lista electoral. Ao non existir consenso e non ser unha decisión urxente adíase para a seguinte convocatoria facendo un chamamento a presentar unha nova proposta transaccional co apoio de Mediación.

Rogos do grupo para o GT Mediación: Convocatoria reunión e redacción dunha proposta transaccional cos redactores das diferentes iniciativas.

GT Coordinación

Apróbase por consenso a modificación do apartado de convocatoria de Asembleas en Común, inserido dentro da Estrutura Organizativa (*vid supra*), adaptándose a realidade municipal actual.

Mantense a necesidade dun obradoiro formativo sobre estrutura, ferramentas e protocolos de OUeC. Unha encomenda que ten pendente o GT Coordinación e na que se traballará de cara a volta de vacacións.

Faise unha reflexión sobre o necesario descanso e o esgotamento xeral detectado nos grupos polo que se adiarán todos aqueles traballos non urxentes e a asemblea ordinaria correspondente ao mes de setembro.

Rogos ao grupo: Sobresemento do caso aberto pendente de resolución polo Comité de Garantías Éticas. Faise un chamamento a este comité a redactar un pequeno parágrafo para ser arquivado co referendo da próxima asemblea ordinaria.

GT Relato e Análise

Mantén a liña de traballo presentada na anterior asemblea.

2.) Varios

Chamamento á creación dun sistema de traslado de decisións da AeC ao pleno no que terá cabida a reflexión de Democracia Real presentada.

Nota: contacto mediante correo electrónico en cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com



3.) Próxima asemblea ordinaria

A próxima asemblea ordinaria será convocada polo GT Coordinación seguindo os protocolos na primeira semana de setembro.

Convocarase unha asemblea extraordinaria monográfica a petición do GT Institucional 48 horas antes da celebración do próximo pleno.

Levántase a sesión